



Folla de sala / Galego

PINTURA GALEGA dende o ROMANTICISMO ata o REXIONALISMO

12

O termo *romántico* é adaptado ás artes plásticas en España no século XIX, coincidindo co reinado de Isabel II e a implantación do Réxime Liberal.

O *Romanticismo* pictórico caracterízase pola expresión dos sentimentos e a liberdade na elección dos temas entre os que destaca o irracional e fantástico, sendo os xéneros predilectos por estes pintores: o retrato, a paisaxe e o costumismo, que aparece por primeira vez.

Dentro da pintura romántica galega sobresaen **Jenaro Pérez Villamil** e **Dionisio Fierros**.

O primeiro é o introdutor do xénero do *paisaxismo* na pintura galega decimonónica e a súa pintura encádrase dentro do concepto paisaxístico da pintura romántica anglosaxona.

Dionisio Fierros a pesar de nacer na Ballota, Asturias, será considerado o introdutor da *pintura costumista* en Galicia polas súas obras que constitúen auténticos estudos antropolóxicos, sen esquecer que será o retratista da aristocracia e clases máis acomodadas de Galicia.

Tras o Romanticismo aparece o Realismo Pictórico que presenta gran paralelismo coa obra literaria de Emilia Pardo Bazán. Esta xeración de pintores, formados academicamente, inauguran un novo concepto da arte pola arte e caracterizáronse por presentar a realidade en estado puro.

Entre estes pintores destacamos a figura de **Román Navarro**, formado en Roma, tamén a chamada Xeración *Doente*, entre os que estaba **Joaquín Vaamonde Cornide** e incluímos a **Leopoldo Villamil García** de Paredes, pintor con menor fortuna debido a que a súa obra estivo marcada pola súa curta e dramática vida.

O *Rexionalismo Pictórico* é unha corrente que se encadra entre os últimos anos do século XIX e os primeiros do século XX, momento da fragmentación do territorio español en rexións. Ademais, a perda das colonias de Cuba e Filipinas deu lugar, tanto na literatura como na plástica, a un movemento que se denominou *Rexeracionismo*, baseado na busca da esencia do espírito da nación.

Neste contexto, os pintores, empregando como linguaxe o *Realismo*, centrarán a súa atención en Galicia, creando unha visión subxectiva e ideal das súas xentes, paisaxes e costumes co fin de ennobrecer a súa terra. **Serafín Avendaño** iniciará a renovación do *paisaxismo*, xénero que cultivarán tamén outros pintores como **Francisco Lloréns**, **Seijo Rubio**, **Manuel Abelenda**, **Juan Luis** ou **Armando Suárez Couto**.

E pintores como **Fernando Álvarez de Sotomayor** e **Fermín González Prieto** inclinaranse polo *costumismo* na busca dunhas características diferenciadoras de Galicia, creando arquetipos da realidade rural e mariñeira e ofrecéndonos unha visión folclórica desta.

A imaxe do *Rexionalismo Pictórico* en Galicia deuse a coñecer polo resto de España e o estranxeiro grazas ás exposicións rexionais e nacionais.



Hoja de sala / Castellano

PINTURA GALLEGA desde el ROMANTICISMO hasta el REGIONALISMO

12

El término *romántico* es adaptado a las artes plásticas en España en el siglo XIX, coincidiendo con el reinado de Isabel II y la implantación del Régimen Liberal.

El *Romanticismo* pictórico se caracteriza por la expresión de los sentimientos y la libertad en la elección de los temas entre los que destaca lo irracional y fantástico siendo los géneros predilectos por estos pintores el retrato, el paisaje y el costumbrismo, que aparece por primera vez.

Dentro de la pintura romántica gallega sobresalen **Jenaro Pérez Villamil** y **Dionisio Fierros**.

El primero es el introductor del género del paisajismo en la pintura gallega decimonónica y su pintura se encuadra dentro del concepto paisajístico de la pintura Romántica Anglosajona.

Dionisio Fierros, a pesar de haber nacido en la Ballota, Asturias, será considerado el introductor de la *pintura costumbrista* en Galicia por sus obras que constituyen auténticos estudios antropológicos, sin olvidar que será el retratista de la aristocracia y clases más acomodadas de Galicia.

Tras el *Romanticismo* aparece el *Realismo Pictórico* que presenta gran paralelismo con la obra literaria de Emilia Pardo Bazán. Esta generación de pintores, formados académicamente, inauguran un nuevo concepto del arte por el arte, y se caracterizaron por presentar la realidad en estado puro.

Entre estos pintores destacamos la figura de **Román Navarro**, formado en Roma, también la llamada *Xeneración Doente*, entre los que estaba **Joaquín Vaamonde Cornide** e incluimos a **Leopoldo Villamil** y **García de Paredes**, pintor con menor fortuna debido a que su obra estuvo marcada por su corta y dramática vida.

El *Regionalismo Pictórico* es una corriente que se encuadra entre los últimos años del siglo XIX y los primeros del siglo XX, momento de la fragmentación del territorio español en regiones. Además, la pérdida de las colonias de Cuba y Filipinas, dio lugar, tanto en la literatura como en la plástica, a un movimiento que se denominó *Regeneracionismo*, basado en la búsqueda de la esencia del espíritu de la Nación.

En este contexto, los pintores, empleando como lenguaje el *Realismo*, centrarán su atención en Galicia, creando una visión subjetiva e ideal de sus gentes, paisajes y costumbres con el fin de ennoblecer su tierra.

Serafín Avendaño iniciará la renovación del paisajismo, género que cultivarán también otros pintores como **Francisco Lloréns**, **Seijo Rubio**, **Manuel Abelenda**, **Juan Luis** ó **Armando Suárez Couto**.

Y pintores como **Fernando Álvarez de Sotomayor** y **Fermín González Prieto** se inclinarán por el *costumbrismo* en la búsqueda de unas características diferenciadoras de Galicia, creando arquetipos de la realidad rural y marinera y ofreciéndonos una visión folklórica de la misma.

La imagen del *Regionalismo Pictórico* en Galicia se dio a conocer por el resto de España y el extranjero gracias a las Exposiciones Regionales y Nacionales.